

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### SANTA COMBA

*Acordo plenario modificación contía indemnizacións por asistencias a mesa de contratación, comisión de traballo ou tribunais*

#### EDICTO

**Acordo extractado do Pleno da Corporación en sesión ordinaria do 31/01/2020 en materia de contía de indemnizacións por asistencia a mesas de contratación, comisión de traballo ou tribunais**

**Asunto:** modificación da contía das indemnizacións por asistencia a mesas de contratación, comisión de traballo ou tribunais.

O Pleno da Corporación municipal na sesión organizativa celebrada o 12 de xullo de 2019, por maioría simple dos presentes, e de conformidade coa proposta do alcalde do 07/07/2019, aprobou o réxime de retribucións, as indemnizacións e as asistencias aos membros da corporación municipal (BOP núm. 143 do 31/07/2019).

O Pleno da Corporación municipal, en sesión ordinaria do 31/01/2020, **ACORDOU:**

1 Modificar o punto 5 referente á contía das indemnizacións por asistencias a mesas de contratación, comisión de traballo ou tribunais:

- **Mesas de contratación: 60 €.**

2 Suprimir o parágrafo final do punto 5 referente as indemnizacións dos membros da Corporación para formar parte de comisión de traballo ou tribunais de valoración de subvencións. É dicir, que deixarán de ter dereito á percepción de indemnización.

3 Modificar o punto 6 referente ás indemnizacións por comisión de servizos.

Quedarán redactado deste xeito: en materia de indemnización por comisión de servizos rexerá o establecido no Real decreto 462/2002, do 24 de maio e normativa de desenvolvemento, sen que exista ningún tipo de particularidades ou excepcións”.

Santa Comba, 20 de febreiro de 2019

O alcalde

David Barbeira García

2020/1479

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### SANTA COMBA

##### *Dedicacións parciais*

O Pleno da Corporación municipal, en sesión ordinaria do Pleno da Corporación municipal do 26 de xullo de 2019:

**Asunto:** as retribucións dos membros da Corporación en réxime de dedicación parcial

Logo de ver o acordo do Pleno da Corporación municipal, en sesión extraordinaria do 12 de xullo de 2019, referente as retribucións dos membros en réxime de dedicación exclusiva e parcial.

As retribucións en réxime de dedicación parcial aprobadas polo Pleno na sesión mencionada:

- Unha dedicación parcial, a media xornada, para realizar as tarefas propias do cargo a un/unha concelleiro/a delegado/a, cunhas retribucións anuais brutas de 33.000 €.

- Unha dedicación parcial, a media xornada, para realizar as tarefas propias do cargo un/unha concelleiro/a delegado/a, cunhas retribucións anuais brutas de 15.600 €.

Os membros das Corporacións Locais terán dereito a percibir retribucións polo exercicio do seu cargo cando o desempeñen en réxime de dedicación exclusiva ou parcial.

Logo de ver o disposto no artigo 75, 75 bis e 75 ter da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, (LBRL), (BOE núm. 80, do 03/04/1985); no artigo 225 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia, (LALGa), (DOG núm. 149 do 05/08/1997 e BOE núm. 237 do 03/10/1997) e no artigo 13 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), (BOE núm. 305 do 22/12/1986).

1 Autorizar o réxime de dedicacións parciais para o desenvolvemento dos cargos:

**Cargo:** Concelleiro-delegado de Obras e Servizos

**Retribucións brutas anuais:** 33.000 €

##### **Dedicación mínima**

70,21 % da xornada de traballo que se establece para os funcionarios municipais, sen que se estableza un horario rixido predeterminado, dada a índole política das funcións desenvolvidas.

**Cargo:** Concelleira-delegada de Formación Cultural, Deportes e Xuventude

**Retribucións brutas anuais:** 15.600 €

##### **Dedicación mínima**

33,19 % da xornada de traballo que se establece para os funcionarios municipais, sen que se estableza un horario rixido predeterminado, dada a índole política das funcións desenvolvidas.

A dedicación mínima do cargo en termos porcentual, fíxase tomando como 100 % a dedicación exclusiva, sendo esta última a xornada de traballo dos empregados públicos de oficinas ao servizo do Concello de Santa Comba.

As retribucións brutas mencionadas son independentes da cotización do concello a Seguridade

Social, percibiranse en catorce pagas, doce correspondentes as distintas mensualidades do ano e as dúas restantes correspondentes as mensualidades de xuño e decembro, debendo proceder a súa alta no Réxime Xeral da Seguridade Social.

As contías sinaladas incrementaranse anualmente na porcentaxe que experimentara as variacións anuais que dispoñan os orzamentos do Estado para as dos funcionarios públicos.

Santa Comba, 23 de outubro de 2019

O alcalde, David Barbeira García

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### SANTA COMBA

*Acordos extractados do Pleno da Corporación en sesión extraordinaria do 12/07/2019 en materia de organización para a lexislatura 2019-2023*

#### EDICTO

**Acordos extractados do Pleno da Corporación en sesión extraordinaria do 12/07/2019 en materia de organización para a lexislatura 2019-2023**

**Asunto 1:** a fixación da periodicidade de sesións plenarias.

Logo de ver que se constituíu a nova Corporación, na sesión extraordinaria realizada o 15 de xuño de 2019, se estima necesario o establecemento da periodicidade das sesións ordinarias que deberá celebrarse, como mínimo, cada dous meses e extraordinarias, que poden ser, ademais urxentes, de acordo con lo establecido en la normativa aplicable en materia de réxime local.

Logo de ver o artigo 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; o artigo 78.1 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF) (BOE núm. 305, do 22/12/1986), e o artigo 210.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia (LALGa) (DOG núm. 149, do 05/08/1997 e BOE núm. 237, do 03/10/1997).

Logo da proposta do alcalde, o Pleno da Corporación, ACORDOU:

1. O Concello Pleno celebrará sesión ordinaria cada dous meses, o 4.º venres dos meses impares, ás 20.30 horas (oito e media do serán).

2. Facultar ao alcalde para, previa a consulta cos voceiros dos grupos políticos municipais, pospoñer ou avanzar a celebración das sesións ordinarias do Pleno, dentro do mes da súa celebración, cando a data fixada sexa festivo, se atope incluído nun período vacacional ou concorra outras circunstancias que así o aconselle.

3. Cando por razóns xustificadas non poida celebrarse á hora indicada, o cambio desta non implicará que a sesión non teña carácter ordinario.

Santa Comba, na data da sinatura dixital.

O alcalde

David Barbeira García

(Documento que se asina electronicamente)

**Asunto 2:** a creación, a composición e o réxime das sesións das comisións informativas permanentes

Logo de ver a constitución da nova Corporación, se estima necesario proceder a determinar el réxime de organización e funcionamento desta Administración, de acordo con lo establecido en la normativa aplicable en materia de réxime local.

As comisións informativas permanentes, como órganos sen atribucións resolutorias teñen por función o estudo, o informe e a consulta dos asuntos que sexan sometidos á consideración do Pleno e da Xunta de Goberno Local cando esta actúe con competencias delegadas polo Pleno, agás cando haxa de adoptarse acordos declarados urxentes así como o seguimento do alcalde, da Xunta de Goberno Local e dos concelleiros que ostenten delegacións, sen prexuízo das competencias de control que corresponden ao Pleno.

Igualmente informarán daqueles asuntos da competencia propia da Xunta de Goberno e do alcalde que lles sexan sometidos ao seu coñecemento por expresa decisión daqueles.

As comisións informativas estarán integradas de xeito que a súa composición se acomode á proporcionalidade que existe nos distintos grupos políticos representados na Corporación municipal.

Logo de ver o artigo 20.1.c da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL) (BOE núm. 80, do 03/04/1985); o artigo 123 e seguintes do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades

locais (ROF) (BOE núm. 305, do 22/12/1986) e o artigo 212 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia (LALGa) (DOG núm. 149, do 05/08/1997 e BOE núm. 237, do 03/10/1997).

Logo da proposta do alcalde, o Pleno da Corporación municipal acordou:

1. Crear oito Comisións Informativas Permanentes, coa denominación, número de membros que a integran e materias sobre as que exercerán as súas atribucións, na forma que se sinala:

**Denominación:**

1. COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DE CONTAS E FACENDA
2. COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, MEDIO RURAL E BENESTAR ANIMAL
3. COMISIÓN INFORMATIVA DE FORMACIÓN, CULTURA, DEPORTES E XUVENTUDE
4. COMISIÓN INFORMATIVA DE OBRAS E SERVIZOS PÚBLICOS
5. COMISIÓN INFORMATIVA DE MULLER, IGUALDADE E MAIORES
6. COMISIÓN INFORMATIVA DE TURISMO E RELACIÓNS VECIÑAIS
7. COMISIÓN INFORMATIVA DE SERVIZOS SOCIAIS, DEPENDENCIA, DISCAPACIDADE E COLECTIVOS VULNERABLES
8. COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS DE PLENO

**Ámbito de materias:**

**1. Comisión informativa especial de Contas e Facenda.**

Esta comisión exercerá as atribucións que a lexislación atribúe á Comisión Especial de Contas, e en concreto, o exame, estudo e informe de todas as contas, presupostarias e extrapresupostarias, que deba aprobar o Pleno da Corporación.

As súas competencias refírese fundamentalmente ás seguintes materias: orzamento e expedientes de modificación de créditos, contas, gastos de competencia do pleno, operacións de crédito, inventarios, balances, ordenanzas fiscais, patrimonio municipal e calquera outro asunto de natureza económico-financieiro.

Cóñece así mesmo os asuntos relacións coa xestión do dominio público. Concesións administrativas e autorizacións sobre o mesmo. Tamén coa función pública, funcionarios, persoal laboral, persoal eventual, relacións sindicais, seguridade e hixiene, protocolo e relacións públicas.

**2. Comisión informativa de Urbanismo, Medio Rural e Benestar Animal.**

As súas competencias serán as de ditame, estudo e informe ou consulta sobre asuntos de competencia do Pleno relacionados con asuntos encadrados na área de Urbanismo, e en especial, os relacionados con urbanismo, en concreto co planeamento, a xestión e a disciplina urbanística.

Tamén cos programas destinados a valorizar o agro e o centro de acollida de animais.

**3. Comisión informativa de Formación, Cultura, Deportes e Xuventude.**

As súas competencias serán as de ditame, estudo e informe ou consulta sobre asuntos de competencia do Pleno relacionados coa Axencia de Desenvolvemento Local; os obradoiros e os programas formativos; mocidade; programas culturais; patrimonio cultural; fomento da lectura e as actividades culturais; roteiros culturais e a memoria histórica.

**4. Comisión informativa de Obras e Servizos Públicos.**

As súas competencias serán as de ditame, estudo e informe ou consulta sobre asuntos de competencia do Pleno relacionados con: obras de urbanización, vivenda e servizos públicos.

**5. Comisión informativa de Muller, Igualdade e Maiores.**

As súas competencias serán as de ditame, estudo e informe ou consulta sobre asuntos de competencia do Pleno relacionados con: Centro Información á Muller (CIM); igualdade; prevención violencia de xénero, conciliación e maiores.

**6. Comisión informativa de Turismo e Relacións Veciñais.**

As súas competencias serán as de ditame, estudo e informe ou consulta sobre asuntos de competencia do Pleno relacionados con: información e orientación turística; programas para o sector do comercio; turismo de calidade e permanencia orientado ao sector empresarial; Plano Turístico Municipal e participación veciñal.

**7. Comisión informativa de Servizos Sociais, Dependencia, Discapacidade e Colectivos Vulnerables.**

As súas competencias serán as de ditame, estudo e informe ou consulta sobre asuntos de competencia do Pleno relacionados con: atención á dependencia, Servizos Sociais; políticas inclusión social e actividades na formación de adultos; colectivos vulnerables e discapacidade.

### 8. Comisión informativa de Asuntos do Pleno.

Terá atribucións en materia daqueles asuntos non atribuídos a outra comisión informativa permanente.

#### Composición:

Cada unha das comisións se integra por un número de 5 concelleiros,

Dado que todos os grupos políticos integrantes das Corporacións teñen dereito a participar nos órganos mencionados mediante a presenza de concelleiro/as pertencentes a este, e tendo en conta que a composición destas comisións debe acomodarse á proporcionalidade existente os distintos grupos políticos establécese a representatividade seguinte:

GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR: 2 membros.

GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE: 2 membros

GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE CxG: 1 membro

O alcalde é o presidente nato de todas as comisións, sen embargo, a presidencia efectiva de cada comisión poderá delegala en calquera membro da Corporación, a proposta da propia comisión, logo da correspondente elección efectuada no seu seo. A comisión proporá igualmente o nomeamento dun suplente do presidente que terá como función a de substituír a aquel nas súas funcións nos casos de ausencia, abstención legal ou imposibilidade de acudir ás sesións.

2. A adscrición concreta a cada comisión dos membros da Corporación que deban formar parte da mesma, como representantes de cada grupo realizarase mediante escrito do seu voceiro dirixido ao alcalde, que procederá ao nomeamento, e do que se dará conta ao Pleno, sen prexuízo da efectividade inmediata do nomeamento. Poderá designarse un suplente por cada titular.

3. As comisións informativas celebrarán sesión ordinaria nos prazos legalmente establecidos antes da celebración das sesións plenarias, na hora que estableza o alcalde ou o seu respectivo presidente, os cales poderán, así mesmo, convocar sesións extraordinarias ou urxentes das mesmas.

4. O secretario das comisións será o da Corporación ou funcionario que se designe.

5. Este acordo terá efectos inmediatos desde que se adopte polo Pleno, sen prexuízo de que se publique regulamentariamente.

6. O alcalde convocará as correspondentes sesións de constitución das comisións creadas dentro do prazo de dous meses a contar desde a data antes sinalada.

Santa Comba, 24/07/2019.

O alcalde

David Barbeira García

(Documento que se asina electronicamente)"

#### Asunto 3: o nomeamento de representantes da Corporación en órganos colexiados de competencia do Pleno.

Logo de ver que se constituíu o novo Concello en sesión extraordinaria celebrada o 15 de xuño de 2019, resulta necesario o establecemento da nova organización municipal.

Logo de ver que dentro dos trinta días seguintes ao da sesión constitutiva, o alcalde convocará a sesión ou sesións extraordinarias do Pleno da Corporación que sexan precisas, para o fin de resolver, entre outros puntos, o nomeamento de representantes da Corporación en órganos colexiados nos que deba estar representado, que sexan da competencia do Pleno, sen prexuízo da atribución xeral de representar ao concello, conferida ao alcalde pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL, artigo 21.b).

Logo de ver os artigos 38.c do RD 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF) (BOE núm. 305, do 22/12/1986) e o artigo 77 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia (DOG núm. 149, do 05/08/1997 e BOE núm. 237, do 03/10/1997) (LALGa) e oídos os grupos políticos.

Logo da proposta do alcalde, o Pleno da Corporación municipal acordou:

1. Nomear aos representantes da Corporación municipal nos órganos colexiados de competencia do Pleno que se relacionan:

**Colexio Barrié de la Maza**

Titular: Dona Cristina Fajín Barreiro

Suplente: Don José Antonio Ucha Velo

**Colexio Pepe de Xan Baña**

Titular: Dona Cristina Fajín Barreiro

Suplente: Don José Antonio Ucha Velo

**IES TERRA DE XALLAS**

Titular: Don José Antonio Ucha Velo

Suplente: Dona Cristina Fajín Barreiro

**CRA de Santa Comba**

Titular: Dona Cristina Fajín Barreiro

Suplente: Dona Jessica Ántelo Álvarez

**Agader GDR 24 TERRAS DE COMPOSTELA**

Titular: Don David Barbeira García

Suplente: Don José Antonio Ucha Velo

**Consortio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar**

Titular: Don David Barbeira García

Suplente: Dona Blanca María Carmen Ruzo Blanco

**Mancomunidade Tallas-Tines-Tambre**

Equipo de goberno:

1. Don David Barbeira García

2. Don José María Espasandín Martínez

Membro non pertencente ao equipo goberno: 3. A designar polo Partido Popular

**Mesa Comercio**

Presidente: Don David Barbeira García

Vogal 1.º: Dona Cristina Fajín Barreiro

Vogal 2.º: Dona Jessica Ántelo Álvarez

secretario : Don Carlos Turnes Romero

Suplentes:

De presidente: Don José Antonio Ucha Velo

De vogal 1.º: Dona Blanca María Carmen Ruzo Blanco

De vogal 2.º: Don José María Espasandín Martínez

De secretario: Dona Cristina Fajín Barreiro

2. Os/as concelleiros/as nomeados/as neste acordo informarán sobre o funcionamento dos organismos nos que participan como representantes do concello, así como sobre a súa propia actividade no seu seo, sempre que sexan requiridos/ as polo Pleno, polo alcalde ou pola Xunta de Goberno.

3. Notificar o nomeamento aos designado/as e aos órganos colexiados respectivos.

Santa Comba, 24/07/2019.

O alcalde

David Barbeira García

(Documento que se asina electronicamente)”

**Asunto 4:** a determinación, o número, as características e as retribucións do persoal eventual.

Logo de se constituír este Concello o 15 de xuño de 2019 e considerando que o Pleno das Corporacións, ao comezo do seu mandato, determinará o número de postos reservados ao persoal eventual, ao abeiro do artigo 201 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Logo de ver que cada Corporación local aprobar anualmente, por medio dos orzamentos, o cadro de persoal no que figuren todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual, ao abeiro do 232 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia (LALGa) (DOG núm. 149, do 05/08/1997 e BOE núm. 237, do 03/10/1997).

Logo de ver que o número, as características e as retribucións do persoal eventual serán determinados polo Pleno de cada Corporación ao comezo do seu mandato e deberán figurar no cadro de persoal da Corporación, ao abeiro do artigo 250 da LALGa.

Logo de ver o persoal eventual é o que, en virtude de nomeamento e con carácter non permanente, só realiza funcións expresamente cualificadas como de confianza ou asesoramento especial, sendo retribuído con cargo aos créditos orzamentarios consignados para este fin, e que cesan automaticamente en todo caso cando se produza o cesamento ou expire o mandato da autoridade á que presten a súa función de confianza ou asesoramento, de conformidade co artigo 104.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local.

Logo de ver a necesidade do alcalde de contar con persoal eventual para o obxecto de facilitar o funcionamento do goberno municipal e conseguir unha maior axilidade, eficacia e coordinación no exercicio das tarefas de goberno.

Logo da proposta do alcalde, o Pleno da Corporación municipal acordou:

1. O número, as características e as retribucións do persoal eventual do Concello de Santa Comba será o seguinte:

Número	Características (D.P. dedicación parcial)	Retribucións brutas anuais	Denominación do posto de traballo
1	Administrativo, con D.P.	33.000 €	Cargo de confianza: Xefe de Gabinete da alcaldía
<b>Funcións</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Asistir ao alcalde no desenvolvemento de todas as funcións propias do ámbito das súas responsabilidade políticas, xestionando as relacións da alcaldía coa cidadanía e os colectivos veciñais e realizando tarefas administrativas de trámite e colaboración.</li> <li>- Asistir ao alcalde en todo o relativo a súa relación cos medios de comunicación, así como coordinar a política informativa municipal, responsabilizarse da edición dos boletíns informativos municipais e coordinar a páxina web municipal.</li> </ul>		

As persoas designadas percibirán as retribucións asignadas cando se dean as tres condicións seguintes: se produza o seu nomeamento formal por decreto do alcalde, se acredite polos nomeados que reúnen as condicións de capacidade e compatibilidade para o desempeño e se dea a aceptación expresa de cargo polo nomeado, o que suporá o inicio das actividades encomendadas polo alcalde nas que se fundamentan as retribucións correspondentes

No decreto de nomeamento indicárase de forma xeral o contido das funcións, tarefas ou cometidos encomendados propios dos servizos xerais da Corporación municipal para a súa posterior inclusión na relación de postos de traballo da Corporación.

2. As retribucións mencionadas actualizaranse anualmente nos mesmos termos que se determinen para os postos de traballo de persoal funcionario, consonte coas previsións xenéricas que se establezan nos orzamentos xerais do Estado.

3. Publicar este acordo na forma establecida no apartado 5 do artigo 104.bis da Lei reguladora das bases de réxime local e no portal de transparencia da Deputación, de conformidade co establecido no artigo 8.1.f. da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso a información e bo goberno e por analoxía ao disposto no artigo 17 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na administración pública galega.

4. O nomeamento dos funcionarios de emprego e o persoal eventual, as súas retribucións e o seu réxime de dedicación será obxecto da publicidade indicada no parágrafo anterior.

5. O alcalde informará ao Pleno do cumprimento deste acordo.

Santa Comba, 24/07/2019.

O alcalde

David Barbeira García

(Documento que se asina electronicamente)

**Asunto 5:** o réxime de retribucións, as indemnizacións e as asistencias aos membros da Corporación municipal.

Os membros das Corporacións Locais terán dereito a percibir retribucións polo exercicio do seu cargo cando o desempeñen en réxime de dedicación exclusiva ou parcial, así como a percibir indemnizacións na contía e condicións que establece o Pleno da Corporación, en concepto de asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte.

Logo de ver o disposto no artigo 75, 75 bis e 75 ter da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL) (BOE núm. 80, do 03/04/1985); no artigo 225 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia (LALGa) (DOG núm. 149, do 05/08/1997 e BOE núm. 237, do 03/10/1997) e no artigo 13 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF) (BOE núm. 305, do 22/12/1986).

Logo da proposta do alcalde, o Pleno da Corporación municipal acordou:

1. As retribucións dos membros da Corporación en réxime de dedicación exclusiva:

**Alcalde:** as retribucións brutas, en cómputo anual e a contía, serán de 47.000 €.

2. As retribucións dos membros da Corporación en réxime de dedicación parcial:

- Unha dedicación parcial, a media xornada, para realizar as tarefas propias do cargo a un/unha concelleiro/a delegado/a, cunhas retribucións anuais brutas de 33.000 €.
- Unha dedicación parcial, a media xornada, para realizar as tarefas propias do cargo un/unha concelleiro/a delegado/a, cunhas retribucións anuais brutas de 15.600 €.

3. As retribucións brutas mencionadas nos apartados 1 e 2 mencionados, son independentes da cotización do concello á Seguridade Social, percibiranse en catorce pagas, doce correspondentes ás distintas mensualidades do ano e as dúas restantes correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro, debendo proceder á súa alta no Réxime Xeral da Seguridade Social.

As contías sinaladas incrementaranse anualmente na porcentaxe que experimentará as variacións anuais que dispoñan os orzamentos do Estado para as dos funcionarios públicos.

4. Indemnizacións por asistencias a sesións dos órganos colexiados do Concello de Santa Comba:

– Sesións plenarias	120,00 €
– Sesións da Xunta de Goberno Local	120,00 €
– Sesións das comisións informativas	120,00 €

Cando coincidan no mesmo día máis de tres sesións dos órganos colexiados mencionados, terán dereito a percibir dúas soas asistencias, é dicir, ningún concelleiro/a poderá percibir máis de dúas asistencias por día para asistir a sesións indicadas.

5. Indemnizacións por asistencias a mesas de contratación, comisións de traballo ou tribunais de valoración dependente desta Corporación:

– Mesas de contratación	120,00 €
-------------------------	----------

Todos os membros da Corporación que se designen formalmente para formar parte de comisións de traballo ou tribunais de valoración de subvencións ou premios convocados por órganos dependentes desta Corporación, percibirán pola asistencia ás sesións formalmente convocadas que se celebren, as cantidades dispostas no anexo 4.º, categoría primeira do Real decreto 462/2002, do 24 de maio e disposicións de desenvolvemento ou normas que con carácter xeral o substitúan, cando así se determine expresamente no acordo ou resolución de nomeamento.

6. Indemnizacións por gastos ocasionados por comisións de servizos encomendadas a cargos electos.



En materia de indemnización por comisións de servizos rexerá o Real decreto 462/2002, do 24 de maio e disposicións de desenvolvemento ou normas que con carácter xeral o substitúan coas particularidades seguintes:

a) Por aloxamento e gastos de viaxe en medios de transporte público, aboarase o importe do realmente gastado e xustificado documentalmente.

b) Por manutención aboarase tamén o importe dos gastos efectivamente realizados sempre que o xustifiquen adecuadamente mediante facturas expedidas para o efecto.

c) Cando a comisión de servizos de cargos electos inclúa tamén a funcionarios de carreira, persoal laboral ou eventuais, aplicaráselles a todos eles o réxime de indemnizacións establecido neste apartado para os cargos electos

7. O Pleno da Corporación municipal comprométese a consignar nos seus orzamentos as cantidades suficientes para atender estas obrigas económicas.

8. Comunicar esta resolución aos diferentes servizos municipais para o seu coñecemento e efectos.

9. Este acordo publicarase no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios da sede electrónica no Portal de Transparencia e na páxina web municipal.

Santa Comba, 24/07/2019.

O alcalde

David Barbeira García

(Documento que se asina electronicamente)

**Asunto 6:** toma coñecemento da constitución dos grupos políticos municipais e da designación dos seus integrantes.

Logo de celebrarse as eleccións municipais o 26 de maio de 2019.

Logo de se constituír a nova Corporación municipal en sesión extraordinaria realizada o 15 de xuño de 2019.

Logo de ver que o artigo 74.4 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia (DOG núm. 149 do 05/08/1997 e BOE núm. 237 do 03/10/1997) (LALGa), establece que integranse en todo caso, no grupo mixto os membros dos partidos políticos, federacións, coalicións ou agrupacións que non obtivesen un mínimo de dous escanos.

No suposto de que non existise grupo mixto, este quedará constituído polo membro do partido político, federación, coalición ou agrupación que obtivese un só escano.

Logo de ver que o artigo 25 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF) (BOE núm. 305 do 22/12/1986), dispón que da constitución dos grupos políticos e dos seus integrantes e portavoces, o presidente daralle conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre tras cumprirse o prazo legalmente establecido

Logo de ver que o artigo 75 da LALGa referente aos grupos políticos:

1. Os grupos políticos constituiranse mediante escrito dirixido ó presidente e subscrito por tódolos seus integrantes, que se presentará na Secretaría Xeral da Corporación dentro dos cinco días hábiles seguintes á constitución da Corporación. Se algún concelleiro non asinase o escrito de constitución do grupo, isto non impedirá a súa constitución e os non asinantes integranse no grupo mixto.

2. No mesmo escrito de constitución farase consta-la designación do voceiro do grupo, podendo designarse tamén suplentes.

3. Da constitución dos grupos políticos e dos seus integrantes e voceiros o presidente daralle conta ó Pleno na primeira sesión que se desenvolva tras cumprirse o prazo previsto anteriormente.

Logo de ver que foron cumpridos os requisitos establecidos no artigo 73.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (BOE núm. 80, do 03/04/1985), que concorda co artigo 24 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF) (BOE núm. 305 do 22/12/1986), normas aplicables á constitución dos grupos políticos municipais,

O alcalde, DOU CONTA AO PLENO:

Que, quedan constituídos os grupos políticos cos/cas integrantes e voceiro/as que deseguido se sinalan:

Grupo: PARTIDO SOCIALISTAS DE GALICIA-PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL

Siglas: PsdeG-PSOE

Integrantes: José Antonio Ucha Velo  
Cristina Fajín Barreiro  
Carlos Turnes Romero  
Blanca María Ruzo Blanco  
José María Espasandín Martínez  
Jessica Antelo Álvarez

Voceiro: José Antonio Ucha Velo  
Voceiro/as suplentes: Cristina Fajín Barreiro  
Jessica Antelo Álvarez  
Blanca María Ruzo Blanco

Partido Político: COMPROMISO POR GALICIA  
Siglas: CxG  
Grupo Político: Grupo Mixto (artigo 77.4 da LALGA)

Integrante: David Barbeira García  
Voceiro: David Barbeira García

Grupo: PARTIDO POPULAR  
Siglas: PP

Integrantes: María Josefa Pose Rodríguez  
María Esther Espasandín Turnes  
José García Suárez  
Silvia Cancela Blanco  
Manuel Andrés Iglesias Mouro  
José Manuel Rodríguez Torreira

Voceira: María Josefa Pose Rodríguez  
Voceiro/as suplentes: María Esther Espasandín Turnes  
Silvia Cancela Blanco  
Manuel Andrés Iglesias Mouro  
José Manuel Rodríguez Torreira  
José García Suárez

Santa Comba, 24/07/2019.  
O alcalde  
David Barbeira García  
(Documento que se asina electronicamente)